



Asociación Educativa San Nicolás
Rúa Numancia, 52
36206 Vigo

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA AXUDA PARA A FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL 0-3 SAN NICOLÁS

Entidade interesada: Asociación Educativa San Nicolás

Escola infantil: San Nicolás

Expediente núm: BS420A-2020/34

Procedemento: BS420A

Asunto: resolución positiva de concesión da axuda para o funcionamento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

ANTECEDENTES

1 A entidade Asociación Educativa San Nicolás solicitou a axuda económica para o funcionamento da escola infantil 0-3 ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS420A).

2 A Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación comprobou a presentación en tempo e forma da solicitude e o cumprimento de todos os requisitos necesarios para a súa concesión.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 A entidade solicitante cumpre cos requisitos esixidos na devandita orde, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.





2 Na tramitación observáronse os requisitos e prescricións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social é o órgano competente para resolver esta solicitude de conformidade co establecido no artigo 10 da Orde reguladora desta subvención.

De acordo con todo o indicado **RESOLVO:**

1 A concesión dunha axuda por importe de 246.165,81 € para o funcionamento da escola infantil 0-3 desagregada da seguinte maneira:

209.571,89 € para o mantemento da escola infantil.

30.393,92 € en compensación da bonificación do 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada a partir do 1 de abril de 2020 por segundos fillos ou fillas e sucesivos/as da unidade familiar.

6.200,00 € en compensación da gratuidade da matrícula relativa ás prazas ocupadas para o curso 2020-2021 por segundos fillos ou fillas e sucesivos/as da unidade familiar.

2 Que o pagamento desta axuda farase de acordo co establecido no artigo 15 da citada orde. De acordo co dito artigo realizase un primeiro pagamento en concepto de anticipo correspondente ao 90% da contía total concedida. O 10% restante librarase unha vez xustificadas os gastos e/ou o número de prazas ocupadas por segundos/as e sucesivos/as fillos ou fillas para os que concedeu esta axuda.

3 Que é obrigatorio observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ademais especificamente o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 19 das bases reguladoras.

4 Que no suposto de que a axuda concedida non sexa destinada aos fins para os que se outorgou nin se aplique nas condicións establecidas ou se incumpra a obriga de xustificación ou xustificación insuficiente, revogarase esta resolución e o perceptor estará obrigado ao seu reintegro, de conformidade co artigo 20 da orde reguladora.

